

Os "pesadelos" de Xosé María Álvarez Cáccamo transfórmanse en libro

O poeta e narrador Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) vén de publicar *Miniaturas e outras dimensións* (Editorial Galaxia, 2026), un conxunto de microrrelatos e de relatos breves que nacen da súa propia experiencia onírica e nos que convida a reflexionar sobre algúns temas de actualidade que o preocupan.

[Antón Escuredo](#)

25 de agosto de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/pesadelos-xose-maria-alvarez-caccamo-transformanse-libro/20260825075506265116.html>

A outra realidade, o mundo onírico e o desacougo que lle produce a actual sociedade forman parte do camiño que escolleu agora o escritor vigués [Xosé María Álvarez Cáccamo](#) para recuperar na súa obra o emprego do relato curto. O seu último libro, *Miniaturas e outras dimensións*, reúne oito historias que levaban un tempo agardando saír á luz —como recoñece o propio autor en conversa con *Nós Diario*—, aos que engadiu outros textos moito máis breves. “Como todos os libros que escribo, este tamén ten un proceso singular, neste caso sumando material que tiña xa gardado nun caixón con outro que escribín coincidindo cuns meses de moita creatividade nos que entrei por vez primeira no formato do microrrelato”, admite. Álvarez Cáccamo levaba anos sen empregar a fórmula da narrativa de menor tamaño que comezou utilizando décadas atrás na obra *Microtopofanías* (Edicións Laiovento, 1992), e á que seguiría o libro *A luz dos desafortunados* (Edicións Espiral Maior, 1996).

Neste caso, o novo traballo divídese en dúas partes ben diferenciadas. A primeira consta de 35 **microrrelatos** e a segunda, de oito relatos breves. Con todo, o nome do libro reivindica o seu sentido “unitario”, a brevidade das historias que contén e, ademais, “as outras dimensións da realidade” que Álvarez Cáccamo transmite en cada liña que escribe. “Son soños reais meus e tamén acontecementos que se poderían interpretar desde esa perspectiva onírica”, aclara o autor vigués.

Neles non faltan personaxes reais da historia da literatura universal. Polas súas páxinas, en forma de microrrelato, aparecen, entre outros, **Miguel de Cervantes**, **Gabriel García Márquez**, **Herman Melville**, **Franz Kafka** e **Juan de la Cruz**. Tampouco falta o xogo, como o que abre o libro co nome de *Anticipación*. Outra das singularidades é o emprego da ironía para tratar aspectos da realidade como o da **burocracia** ou vivencias distópicas próximas, como a dunha pandemia mundial que chega a provocar efectos secundarios no planeta Terra.

O ensino como tema

Nas temáticas das historias que aparecen nesta obra figuran, entre outras, as relacionadas co ensino e cos cambios que se deron nese ámbito profesional ao que se dedicou o vigués durante toda a súa vida laboral. “Son pesadelos recorrentes que teño e que, polo que me contan, tamén teñen outras compañeiras e outros compañeiros: regresar aos estudos e ter que incorporarme de novo á docencia”, admite, referíndose aos relatos *Estudiante tardío* e *Interrupción do xúbilo*. “Neles, como noutros que incorporo ao **libro**, primeiro hai elementos de angustia por ter que volver ás aulas polo erro nun papel, e despois, de crítica e de desencanto de como mudou todo nese ámbito”, descobre Álvarez Cáccamo a este xornal.

Noutro microrrelato, o que leva por título *Mutación*, trata a problemática, situada nun futuro distópico, das consecuencias do mal emprego das novas tecnoloxías dixitais no noso tempo. “Xa existen investigacións que din que o funcionamento do cerebro en rapaces e rapazas que empregan de maneira intensa e continua os teléfonos móbiles non é igual que o de quen nos educamos na cultura analóxica”, asegura o escritor. “A velocidade coa que reciben a información e a brevidade coa que son capaces de concentrarse parece que está producindo unha verdadeira mutación”, agrega tamén Álvarez Cáccamo. Por iso, o escritor pode concibir “que agora mesmo o alumnado faga un traballo con IA sen engadir nada propio, presente ese traballo e se lle admita por parte do **profesorado**”.

A lingua no futuro

Neste terceiro libro de relatos que publica, o autor vigués continúa conectado cos seus intereses vitais ideolóxicos, políticos e tamén humanos. Entre eles, por pór só un exemplo, está o futuro das linguas minorizadas, e en concreto da galega. Trata este tema no microrrelato A última falante, que analiza unha situación extrema aínda que non imposible se se ten en conta que xa aconteceu con outras linguas que desapareceron. “É unha distopía. Nela falo da perda absoluta do idioma e da situación que se daría coa pronuncia dunhas palabras estrañas, que xa nin os investigadores ou os lingüistas entenden, por parte da última falante: Asunción Varela Pereiro”, relata. En realidade, esas últimas palabras, a modo de mensaxe de despedida, son un poema do trobador medieval [Paio Gómez Chaiño](#).

O libro, dentro da súa traxectoria, conéctase co universo literario do autor. “A nivel de estilo resúltame difícil afastarme abondo como para realizar unha análise, mais recoñezo que hai elementos de conexión nel que o relacionan coa miña obra poética”, asegura. Neste senso, indica que na súa función creativa a “raíz emotiva” é moi importante. “Como escritor podes escribir por encargo ou até por autoencargo, mais a maior parte das veces, no meu caso, sae da intuición. E en relatos como estes funciona dunha maneira moi semellante a cando fago poemas”, conclúe Álvarez Cáccamo.

O "soño" da liberdade no 90 aniversario do golpe de Estado

A familia Álvarez Cáccamo sufriu de forma brutal a represión franquista após o golpe de Estado de 1936. O terror fascista hai 90 anos seguiu a vida de familiares directos, como o avó paterno, Darío Álvarez Limeses, ou o seu tío, Alexandre Bóveda. A memoria histórica sempre estivo persente na obra de [Xosé María Álvarez Cáccamo](#) e este libro non podía ser unha excepción. Así, co nome *A revolta*, o escritor vigués presenta un relato histórico no que se conseguiría reconducir a ditadura franquista cara a un Goberno republicano.

“É un soño, no sentido pleno da palabra, que teño con frecuencia, que non houbo [ditadura](#) e que Franco foi vencido e a historia terríbel que vivimos non existiría”, explica o autor a *Nós Diario*. “Como serían Galiza e o Estado español se non vivísemos a ditadura?”, pregúntase. Para Álvarez Cáccamo, a escrita serve “ás veces”, como sería neste mesmo caso, para “conseguir ficcionar unha idea e soñar con esa posibilidade” que non foi.

Este tema tamén o trata no microrrelato Fascinación, "unha adaptación dunha **Cantiga de Afonso X O Sabio**" na que un ditador volve após 300 anos e descobre como "todo mudou coa chegada da democracia".